

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 10 DE ABRIL DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM de Carballeda de Avia para a delimitación do núcleo rural do Cando.
- Decreto polo que se declara en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de sendas peonís na AC-423, pq 11+580 e 13+970, no concello de Ponteceso. (Clave: AC/13/063.06).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortizas, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do rexistro de empresas do sector forestal.



ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra: “Melloras na EDAR de Redondela (Pontevedra)”, clave OH.336.1036, por unha contía de cento noventa e seis mil trescentos vinte e nove euros con catorce céntimos (196.329,14 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Decreto polo que se establece o procedemento para a obtención das autorizacións de proxectos de repotenciación ou modificación de parques eólicos existentes, así como de parques autorizados non construídos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total dun millón cento setenta e cinco mil setecentos quince euros (1.175.715,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación dos anteproxectos de decreto polos que se regula o Rexistro galego de Instrucións Previas sobre coidados e tratamento da saúde, o dereito ao exercicio da segunda opinión médica, e o exercicio da liberdade de elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería en atención primaria e de centro hospitalario no Sistema público de saúde de Galicia, en desenvolvemento do establecido na Lei de garantías de prestacións sanitarias.



INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta o Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: actuacións para reparación de desprendementos na CG-4.1 Rande-Alto da Portela, p.q. 11+700 e 12+700, por una contía de oitocentos vinte e dous mil seiscentos corenta e dous euros con setenta céntimos (822.642,70 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Balance Enerxético de Galicia 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe anual de seguimento da actividade asistencial do SERGAS 2013.
- Informe sobre a licitación do Centro de Saúde do Couto no concello de Ourense.



A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DA LEI EÓLICA CO OBXECTIVO DE ELIMINAR CARGAS FINANCEIRAS E FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR EN GALICIA

- ***A modificación da Lei 8/2009, busca abaratar os custos dos parques trasladando a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 24.000 euros anuais***
- ***Os titulares dos parques autorizados antes da entrada en vigor da lei poden solicitar a devolución dos avais sempre que non iniciasen a construción***
- ***Entre as medidas fiscais, técnicas e financeiras activadas pola Xunta para o impulso do sector, avánzase na tramitación do anteproxecto de Decreto que impulsará as repotenciacións de parques en funcionamento fomentando a eficiencia e reducindo o impacto ambiental***
- ***Ademais, os promotores eólicos teñen aberta a posibilidade do desestimento total ou parcial dos seus megawatts, sempre que non se altere o resultado do concurso***
- ***O obxectivo destas actuacións é que, no momento en que se dean as condicións económicas adecuadas, os proxectos eólicos viables estean preparados para promover a recuperación do liderado de Galicia no eido eólico***
- ***O Goberno galego segue a impulsar as enerxías renovables, que achegan case o 66% da electricidade consumida na Comunidade nun ano, tal e como sinala o último Balance Enerxético de Galicia presentado hoxe no Consello***

O Goberno galego segue a traballar dando os pasos necesarios para impulsar a reactivación do sector eólico galego. Neste sentido, o Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da Lei eólica 8/2009, co obxectivo de eliminar cargas financeiras e facilitar o desenvolvemento do sector na comunidade.

Esta modificación encádrase dentro das distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras que está a activar a Xunta, e permite abaratar os custos dos parques ao trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción. Deste xeito, estímase que se obterá un aforro medio de máis de 24.000 euros anuais por parque.

Así mesmo, permitirase aos titulares dos parques eólicos autorizados con carácter previo á entrada en vigor da lei, solicitar a devolución dos avais constituídos sempre que non iniciasen as obras de construción.

Dáse así un novo impulso á aposta estratéxica do Goberno galego polo desenvolvemento eólico en Galicia. Neste sentido, e entre as distintas medidas que se están a aplicar, avánzase tamén na tramitación do anteproxecto de decreto que impulsa as repotenciacións de parques en funcionamento e axiliza as modificacións dos proxectos en tramitación fomentando a eficiencia e reducindo o impacto ambiental.



Neste caso, búscase axilizar as ditas repotenciacións e modificacións, apostando pola innovación ao facilitar a substitución das instalacións eólicas por outras máis adecuadas desde un punto de vista tecnolóxico, enerxético e ambiental. Así, no caso das repotenciacións o parque terá un número inferior de aeroxeradores que a instalación orixinal, podendo ser a nova potencia ata un 10% superior á autorizada. Unha cifra que se eleva ata o 20% no caso de substituírse a totalidade dos aeroxeradores e diminuír o seu número.

A estas actuacións cabe sumarlle os avances dados para facilitar o desestimento total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso. A dita renuncia, debe ser valorada e verificada pola comisión de seguimento, tendo que contar cos correspondentes informes sectoriais, ou ben estar fundamentada na inviabilidade económica do proxecto.

A Xunta de Galicia segue así a traballar no desenvolvemento do sector eólico galego, co obxectivo de que, no momento en que se dean as condicións económicas adecuadas, os proxectos eólicos que sexan viables estean preparados para impulsar a recuperación do liderado de Galicia neste eido.

Non en van, as fontes renovables manteñen un importante papel no escenario enerxético galego, achegando o 66% da electricidade consumida na Comunidade, tal e como sinala o último Balance Enerxético de Galicia que coñeceu hoxe o Consello da Xunta. O documento salienta tamén que a electricidade xerada polas centrais eólicas se incrementou en case un 11% con respecto ao exercicio anterior.

Así mesmo, o Balance destaca que Galicia produce preto do 18% da enerxía xerada en España a través do aproveitamento eólico, o 10% da xeración con biomasa, e o 20% da producida a partir de recursos hidráulicos. Datos que amosan o impulso decidido a favor destas fontes e do aforro e a eficiencia enerxética levada a cabo polo Goberno galego. Un desenvolvemento das enerxías renovables que permitiu a Galicia reducir, na última década, as emisións de CO₂ por unidade de enerxía eléctrica xerada, pasándose de 0,55 toneladas de CO₂ por MWh a 0,45.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE CARBALLEDA DE AVIA CO FIN DE DELIMITAR O NÚCLEO RURAL DO CANDO

- *Este ámbito de actuación, cunha superficie de 50.200 m², afecta na súa maior parte a solo rústico de protección de cultivos, e puntualmente, a solo rústico de protección paisaxística e forestal*
- *O núcleo está composto por máis de 50 vivendas. A delimitación achega garantías legais ao seu futuro crecemento ou a posibles ampliacións ou reformas dos inmobles*
- *O obxectivo deste tipo de decisións é adaptar a normativa urbanística á realidade territorial de Galicia, contribuíndo deste xeito a un crecemento ordenado do territorio*
- *Este concello ourensán dispón dun PXOM aprobado definitivamente o 21 de marzo de 2003, que non incluía como tal este núcleo de poboación*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do PXOM de Carballeda de Avia, no núcleo rural do Cando, para os efectos do previsto no artigo 95.2 e 95.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O ámbito de actuación é o núcleo rural do Cando, non incluído como tal no PXOM de Carballeda de Avia, afectando na súa maior parte, a solo rústico de protección de cultivos; e puntualmente a solo rústico de protección paisaxística e forestal. Cabe citar que a superficie total do ámbito é de 50.200 m².

O obxecto da modificación puntual é a delimitación e ordenación normativa do núcleo rural do Cando, en concordancia co establecido na disposición transitoria primeira e da Lei 2/2010. Deste xeito, superponse a delimitación proposta do núcleo rural do Cando sobre a ordenación correspondente do PXOM de Carballeda de Avia, indicándose as superficies afectadas das distintas categorías de solo.

A delimitación achega garantías legais ao futuro crecemento do núcleo ou a posibles ampliacións ou reformas dos inmobles, trámites de moi difícil xustificación coa cualificación de solo rústico, como era o caso.

A memoria da modificación tamén establece a ordenanza de aplicación ao ámbito de actuación en concordancia coas ordenanzas do solo de núcleo rural do PXOM de Carballeda de Avia. Ao afectar a solo rústico de especial protección, conforme o artigo 95.2 da LOUG, a modificación puntual someteuse ao informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que foi emitido en senso favorable na súa sesión do 19 de marzo de 2014.



Antecedentes

O Concello de Carballeda de Avia remitiu o expediente de referencia para a súa aprobación definitiva, conforme o disposto na Lei do solo, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

Este concello ourensán dispón actualmente dun PXOM aprobado definitivamente o 21 de marzo de 2003. Constan informes técnico e xurídico, do 31 de xullo de 2012, favorables respecto da conformidade da modificación puntual.

A competencia para a aprobación definitiva das modificacións de planeamento que teñan por obxecto a reclasificación de solo rústico de especial protección, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo, emitido na súa sesión do 19/03/2014.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 300.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL ENTRE PONTECESO E A PARROQUIA DE ANLLÓNS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta infraestrutura***
- ***A necesidade xorde do aumento da circulación peonil e a maior densidade de edificacións***
- ***Os traballos terán unha duración de 4 meses e consisten en ampliar a plataforma da estrada para dispoñer a senda, así como a execución de elementos de drenaxe, limpeza e sinalización***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha senda peonil na estrada AC-423 (Grilloi-Ponteceso), ao seu paso polo Concello de Ponteceso.

A necesidade xorde do aumento da circulación de peóns e a unha maior densidade de edificacións, o que obriga a incrementar a seguridade viaria da estrada autonómica, en concreto no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11+580 e o 13+970. A expropiación de bens afecta arredor de 2.000 metros cadrados de terreos, case todos asentados en solo rústico.


Contido das obras

A senda peonil da AC-423 construírse na marxe dereita desta estrada, no treito que discorre pola parroquia de Anllóns e acaba á entrada da localidade de Ponteceso.

Os traballos terán unha duración de 4 meses e consisten en ampliar a plataforma da estrada para dispoñer a senda peonil; así como a execución de elementos de drenaxe, limpeza e sinalización. Ademais, entre os puntos quilométricos 13+680 e o 13+840, debido ao asolagamento do terreo sobre todo no inverno, construírse unha pasarela de madeira de 2 metros de largo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destinará para esta actuación máis de 300.000 euros, dos cales preto de 45.000 euros están destinados ás correspondentes expropiacións.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

O DECRETO QUE REGULA OS APROVEITAMENTOS FORESTAIS ESTABLECE UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA DAR INICIO Á RETIRADA DE MADEIRA QUEIMADA

- *O decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta*
- *A norma tamén determina que o aproveitamento de pastos polo gando en montes e terreos forestais é un aproveitamento forestal*
- *Este decreto regula por primeira vez a recollida de cortizas e cogomelos no monte*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortizas, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada, así coma o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR).

Unha das medidas máis destacadas do decreto en canto aos aproveitamentos de madeira é o establecemento dun período máximo de 6 meses para dar inicio á retirada de madeira queimada, no caso de que supoña problema de sanidade vexetal ou escorrentías.

Así mesmo, a madeira que se destine a uso doméstico en ningún caso poderá superar os 10 metros cúbicos/anuais por persoa propietaria. Como estes aproveitamentos non poden ser obxecto de comercialización, só se precisa unha comunicación á Administración forestal. Unha vez executado o aproveitamento de madeira -en casos de corta- o dono do monte deberá desenvolver as actuacións necesarias para a rexeneración da superficie afectada. Terá de prazo máximo dous anos, contados desde que finalice a execución do aproveitamento.

Pastos

A norma determina que o aproveitamento de pastos polo gando en montes e terreos forestais é un aproveitamento forestal. Así, o dereito de pastoreo será autorizado ou prohibido polo dono do monte, que deberá regulalo.

Salvo casos excepcionais, prohíbese o pastoreo en todos os montes e terreos forestais afectados por incendios forestais, nun prazo de dous anos. No caso de que o terreo estivera arborizado, non poderá haber aproveitamento de pastos ata que as adecuadas condicións de restauración da masa arborizada, se é o caso, o permitan.

Aproveitamentos micolóxicos

Queda tamén establecida a regulación -por primeira vez e consensuado coa Federación Micolóxica de Galicia- dos aproveitamentos de cogomelos. Neste sentido, establécense tres tipos de aproveitamento. Primeiro, os cogomelos para consumo propio,



considerándose tales aqueles que chegan ata un máximo de 2 kg por persoa e día, sempre que non sexan produto de plantación. En segundo termo, os comerciais, que serían aqueles cos que se pretenda obter un rendemento económico e requiren autorización do propietario do monte. Por último, os cogomelos con fins científicos, limitados a 5 unidades representativas enteiras por especie.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN ENTRE O GOBERNO GALEGO O CONCELLO DE REDONDELA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EDAR DESTA LOCALIDADE PONTEVEDRESA

- *As accións a levar a cabo supoñen un investimento de case 200.000 euros, aboados pola Xunta de Galicia e cofinanciados con fondos europeos FEDER*
- *As tarefas a realizar pretenden tratar os olores e reducir a emisión destes nas instalacións existentes, ademais de mellorar a calidade visual e sonora na contorna da EDAR*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do ente Augas de Galicia; e o concello pontevedrés de Redondela, co propósito de levar a cabo o as obras de mellora da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) desta vila.

As tarefas que se van realizar pretenden tratar os olores ou reducir a emisión destes nas instalacións existentes, ademais de mellorar a calidade visual e sonora na contorna da EDAR.

Con este acordo, realizarase a instalación de sistemas de desodorización, posto que un dos obxectivos do proxecto é reducir a contaminación por olor, así, unha vez localizados os focos máis importantes de contaminación olfativa da EDAR, situados no edificio de deshidratación e no espesador de lodos, ademais de no pozo de grosos, propónse a instalación de sistemas de desodorización, instalárase unha cubeta no espesador de lodos para poder confinar e eliminar o olor xerado nesta instalación.

Tamén, se procederá á adaptación dos sistemas de control da planta, incorporando as sinais dos novos equipos e da rexa de grosos ao centro de control da Estación Depuradora de Augas Residuais. Finalmente, farase unha instalación dun peche vexetal perimetral en toda a EDAR, coa súa correspondente rede de rego.

As accións a levar a cabo, que teñen un prazo de execución de 6 meses, supoñen un investimento de case 200.000 euros, aboados pola Xunta de Galicia coa cofinanciación de fondos europeos FEDER. Cabe sinalar que a porcentaxe de financiamento por parte da Xunta para este tipo de colaboracións é ata do 100% do total do custo das obras requiríndose a previa aprobación polo Consello da Xunta no suposto de conterse obrigas de gasto plurianuais ou unha contía superior a 150.233 euros, como é o caso.

Antecedentes

A actual depuradora é unha infraestrutura do ano 1992, na que, posteriormente, se fixeron distintas melloras técnicas, co propósito de incrementar o rendemento na



depuración. Máis tarde, froito da revisión do informe da empresa adxudicataria do contrato de asistencia técnica para o control e asesoramento á explotación das instalacións de depuración de augas residuais de Galicia, encargouse a redacción do proxecto que se vai levar a cabo.

Co paso do tempo, este inmovible quedou integrado nunha trama urbana deste importante núcleo de poboación, moi preto do mercado e de colexios, instalacións deportivas e vivendas. Recentemente tamén se construíu un paseo fluvial que bordea a instalación, facendo aínda máis notable a súa presenza.

Esta actuación tramítase ao abeiro do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, no que se establece a regulación do procedemento de colaboración técnica e financeira entre a Administración hidráulica de Galicia e as entidades locais. Esta normativa establece a posibilidade de financiamento e execución por parte do executivo autonómico de obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais de Galicia.



CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O ACCESO DOS INVESTIGADORES DAS UNIVERSIDADES GALEGAS AOS RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA A TRAVÉS DUNHA ACHEGA DE MÁIS DE 2,1 MILLÓNS A BUGALICIA E CESGA

- ***O Consello aprobou hoxe a renovación das colaboracións co Consorcio de Bibliotecas de Galicia e co Centro de Supercomputación de Galicia***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará – segundo o aprobado hoxe polo Consello da Xunta- a súa colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) e co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) co fin de facilitar aos investigadores, docentes e estudantes do Sistema Universitario de Galicia (SUG) o acceso aos recursos de información científica en liña. O orzamento total destinado a estes fins no ano 2014 por parte da consellería ascenderá a máis de 2,1 millóns de euros.

Desta forma o departamento educativo da Xunta de Galicia mantén o mesmo nivel de compromiso orzamentario que en anos anteriores, co obxecto de facilitar aos investigadores galegos o acceso inmediato e universal aos recursos de información científica en liña sen diminuír o número das publicacións accesibles.

A través da colaboración con Bugalicia, e a través dos servizos e recursos do Consorcio, porase á disposición dos investigadores un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e e-books. Búscase favorecer así o acceso á produción científica que se está a xerar, dentro e fóra, poñendo á disposición dos investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.

No caso da achega ao CESGA, ten como obxectivo pór á disposición dos investigadores o uso dos servizos dun supercomputador que permita realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda larga necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do Sistema Universitario de Galicia.



SANIDADE INICIA A TRAMITACIÓN DA NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE GARANTÍAS

- ***Tres anteproxectos de decretos regularán a libre elección de médico de familia, pediatra, enfermeiro e hospital; o dereito a unha segunda opinión médica; e o Rexistro Galego de Instrucións Previas***
- ***Estes anteproxectos, que foron elaborados por grupos de expertos do ámbito sanitario, serán publicados na páxina web do Sergas nas vindeiras semanas para proceder á súa exposición pública***
- ***Sanidade, unha vez que dispoña dos informes previos preceptivos, dará audiencia aos sectores da cidadanía titulares dos dereitos e intereses lexítimos afectados polos anteproxectos de decretos***

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, vén de autorizar o inicio formal da tramitación de tres anteproxectos de decretos polos que se regula a libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería no ámbito de atención primaria e de centro hospitalario no sistema público de saúde de Galicia; así como o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións previas sobre os coidados e tratamento de saúde. Con eles iníciase o desenvolvemento normativo da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Estes tres anteproxectos, que foron elaborados por grupos de expertos do ámbito sanitario, serán publicados na páxina web da Consellería de Sanidade nas vindeiras semanas para, deste xeito, proceder á súa exposición pública e dar así cumprimento á Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Así mesmo, Sanidade, unha vez que dispoña dos informes previos preceptivos, dará audiencia aos sectores da cidadanía titulares dos dereitos e intereses lexítimos afectados polos anteproxectos de decretos.

Estes decretos suporán unha redución nos prazos do dereito á segunda opinión médica, un novo sistema no que atinxe ao Rexistro Galego de Instrucións previas e un sistema de libre elección nos eidos da atención primaria e especializada sen estar vinculado ao domicilio dos usuarios.

Normativa de desenvolvemento

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias establece, na disposición adicional terceira, que a Xunta de Galicia aprobará a normativa de desenvolvemento no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor do texto legal. Este prazo máximo cúmprese no mes de setembro. En consecuencia, para levar a cabo este mandato, a Consellería de Sanidade vai elaborar os proxectos de decreto



necesarios para poder desenvolver aqueles aspectos que, unha vez aprobados, farán que a Lei de garantías sexa totalmente operativa.

No relativo á libre elección tanto do persoal de atención primaria como de centro hospitalario establécese, no anteproxecto, o procedemento para a solicitude, tramitación e resolución. A libre elección debe coexistir co mantemento de parámetros de planificación e ordenación de recursos, de maneira que non se impida o funcionamento eficiente destes nin sexa obstáculo para a calidade asistencial.

Na segunda opinión médica indícase o procedemento de solicitude e os prazos nos que deberá emitirse, tendo en conta as necesidades do paciente. Faise referencia, igualmente, a aspectos como a realización de novas probas diagnósticas.

No anteproxecto referido ás instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde figura como principal novidade o procedemento para a formalización do documento de instrucións previas diante do persoal do Rexistro Galego ou en cada unha das unidades que se habilitarán nas sete áreas de xestión integrada. Ademais, regúlanse cuestións relativas ao acceso ao Rexistro e a obtención de copias ou certificacións.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE EMERXENCIA AS OBRAS PARA REPARAR O NOIRO DANADO POR DESPRENDEMENTOS NO P.Q. 12 DO CORREDOR DO MORRAZO

- *Os traballos, que se iniciaron o pasado 27 de marzo, foron adxudicados por un importe de 822.000 euros*
- *Consisten na escavación de terreo, desmontaxe do muro actual e a construción dun novo muro de bloques de pedra granítica*
- *Ademais, para a consolidación do noiro deberá colocarse un mallazo electrosoldado, gunitado por vía húmida de formigón e colocación de ancoraxes de cables de aceiro*
- *A actuación que se está levando a cabo será compatible e estará integrada no proxecto que se está a redactar para o futuro desdoblamento do corredor*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, deu conta da declaración de emerxencia da obra para a reparación dos desprendementos rexistrados no Corredor do Morrazo no ramal de acceso a Cangas (punto quilométrico 11+700) e no tronco desta infraestrutura á altura do p.q. 12+700. O importe desta actuación de mellora da seguridade viaria e de conservación de estradas elévase a 822.000 euros.

As obras comezaron o 27 de marzo e consisten na escavación de terreo, desmontaxe do muro actual e a construción dun novo muro de bloques de pedra granítica ata unha altura de 4,5 m, aproveitando a pedra útil existente e achegando a necesaria.

Para a consolidación do noiro deberá colocarse ademais un mallazo electrosoldado, gunitado por vía húmida de formigón, execución de drenaxe e colocación de ancoraxes de cables de aceiro dispostos en cuadrículas de 5x5 metros.

A Axencia Galega de Infraestruturas estima que as obras se prolonguen por un prazo de 4 meses e sinala que a causa deste suceso está directamente relacionada cos sucesivos temporais e intensas choivas que afectaron a Comunidade.

A actuación que se está levando a cabo será compatible e estará integrada no proxecto que se está a redactar para o futuro desdoblamento do corredor

Desvío provisional

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas habilitou dende o pasado sábado, 22 de marzo, o dobre sentido no ramal de entrada ao corredor do Morrazo no p.q. 12 (dirección Rande) para permitir tamén o acceso a Cangas, co obxectivo de que supoña unha alternativa provisional mentres duren os traballos de estabilización do noiro no ramal da marxe dereita, afectado polo desprendemento.



A habilitación do dobre sentido está convenientemente sinalizada. Esta medida obrigou a cortar uns 600 metros do tronco principal do corredor, por motivos de seguridade. A circulación canalízase a través do referido ramal con dobre sentido de circulación. Axúntase mapa co desvío sinalizado.

Resposta inmediata

No momento do desprendemento, a Xunta de Galicia traballou na reparación da zona, trasladando maquinaria a esta área co fin de retirar o material desprendido e, posteriormente, analizar a situación do desmonte co fin de garantir a estabilidade do noiro.

Unha vez que a Xunta recibiu o aviso do desprendemento, técnicos de mantemento desta infraestrutura viaria procederon á sinalización e limpeza, ademais da retirada de material na zona da cabeza do noiro.

Á vista da inestabilidade dos noiros e dos desprendementos acontecidos, durante o mes de marzo de 2014 viñéronse realizando traballos xeotécnicos e topográficos exhaustivos e de detalle coa finalidade de concretar con exactitude as actuacións a realizar para que se garanta a estabilidade do noiro e a seguridade viaria dos usuarios da estrada. Do resultado destes estudos conclúese que son necesarias actuacións de movemento de terras, obras de fábrica e consolidación dos noiros.

Na actualidade estase a traballar nas dúas fronteas reperfilando o noiro, tal e como se aprecia nas seguintes imaxes:

- 1.- Obra emerxencia desprendemento p.q. 11 + 700 do Corredor (saída Cangas)





2.- Obra emerxencia desprendemento p.q. 12 + 700 do Corredor (tronco)



O SERGAS ATENDEU NO 2013 MÁIS DE 24 MILLÓNS DE CONSULTAS NOS CENTROS DE SAÚDE E MÁIS DE 4 MILLÓNS NOS HOSPITAIS

- *Durante o pasado ano producíronse 232.645 episodios de hospitalización, cunha estadía media de 8,13 días*
- *Realizáronse máis de 3,5 millóns de atencións urxentes na central da Fundación Urxencias Sanitarias – 061, nos PAC e nos servizos de urxencia hospitalarios*

A porcentaxe de derivación dende os centros de saúde ás consultas hospitalarias situouse no 2013 por debaixo do 10%, o que amosa un alto grao de capacidade resolutiva da atención primaria. Así, durante o 2013, realizáronse un total de 24.313.842 nos centros de saúde e 4.079.328 nos hospitais.

A nivel hospitalario, produciuse unha diminución dos pacientes que agardan por unha primeira consulta (11.000 menos que en decembro de 2012), cunha espera media por debaixo dos 50 días. Ademais, no que se refire ás vías rápidas, o Sergas mantén o seu compromiso de espera de 15 días para atender a pacientes con sospeita de patoloxía grave.

Doutra banda, durante o 2013 producíronse 232.645 episodios de hospitalización nos centros do Servizo Galego de Saúde, dos cales o 75% foron urxentes e o 25% programados. A estadía media diminuíu con respecto do ano anterior (8,32 días) acadando os 8,13 días e mantendo un nivel de complexidade similar a anos anteriores.

Ademais, a actividade cirúrxica segue aumentando, grazas fundamentalmente ao incremento da actividade ordinaria, superando o 75% do rendemento cirúrxico, obxectivo marcado pola Estratexia Sergas 2014.

Tamén continúa a aumentar a realización de cirurxías nos centros de saúde, acadando en 2013 un total de 24.996 intervencións, 7.154 máis respecto de 2012.

Actividade en Urxencias

Durante o pasado ano realizáronse máis de 3,5 millóns de atencións urxentes, das que 1.115.000 foron chamadas atendidas na central da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia – 061; 1.439.501 foron atencións realizadas nos Puntos de Atención Continuada (PACs); e 960.864 nos servizos de urxencia hospitalarios.

Nestas cifras apréciase unha estabilización no número de urxencias atendidas, confirmándose o incremento de actividade en Atención Primaria (0,85%) e a diminución na urxencia hospitalaria.



O SERGAS DESTINARÁ 3,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DO COUTO (OURENSE)

- ***A súa superficie construída será de máis de 2.000 m²***
- ***O seu prazo previsto de execución é de 17 meses***

O Servizo Galego de Saúde vai destinar 3,5 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde do Couto, en Ourense, nunha parcela cedida polo Concello. Así se recolle nun informe sobre a licitación desta infraestrutura presentado hoxe pola conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, aos membros do Consello da Xunta.

Esta obra enmárcase no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 17 meses.

O centro de saúde contará cunha área médica con sete consultas de medicina xeral, sete consultas de enfermaría, unha consulta de matronas, sala de educación maternal, consulta de farmacia, odontoloxía, traballador social, fisioterapia con ximnasio, unha sala de técnicas, unha sala polivalente, consulta de atención de urxencias e consulta do programa da muller.

Ademais, terá unha área de pediatría cunha consulta de pediatría e unha de enfermaría pediátrica. Tamén terá unha área de administración con sala de xuntas e biblioteca, sala de estar de persoal, salas de espera, aseos, oficios, vestiarios, almacéns e os servizos necesarios para o funcionamento do centro.

O futuro centro de saúde do Couto suporá que tanto os profesionais como os usuarios disporán dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

O Servizo Galego de Saúde segue a licitar os centros de saúde, e neste sentido o Diario Oficial de Galicia publicará proximamente a licitación das obras de construción do de Buño, que se unirá deste xeito á dos centros de saúde de Tui e de Panxón (Nigrán), que xa foron publicados.